

Superturonio


EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
IES TERRA DE TURONIO

Boletín do ENL N°4

ESPECIAL LETRAS GALEGAS

Un ano máis as nosas letras volven estar de festa. É a festa da lingua, a nosa festa máis importante, a festa das nosas palabras, da nosa voz. SUPERTURONIO sae hoxe para facer chegar a toda a comunidade educativa do noso instituto a voz da nosa lingua. Unha lingua que lonxe de estenderse no ámbito das nosas aulas, parece que non acada a necesaria normalidade. O Equipo de Normalización Lingüística que edita este boletín, quere facer un chamamento a toda a comunidade escolar para que se sensibilice coa nosa lingua e que entre todos e todas contribuíamos a que acade os necesarios niveis de uso.

Foi no ano 1963 cando se instituíu o DÍA DAS LETRAS GALEGAS a proposta do membro da Real Academia Galega D.Francisco Fernández del Riego para conmemorar o centenario da publicación do libro Cantares Galegos (17/05/1863). Acórdase celebrar o 17 de maio de cada ano o DÍA DAS LETRAS GALEGAS en homenaxe a un escritor/a xa falecido/a pola súa obra en galego.



CRÓNICA DA PARTICIPACIÓN EN PONTE...NAS ONDAS!

Unha nova forma de comunicarnos na nosa lingua con outros centros.

O pasado 4 de maio o noso instituto participou na VII Xornada de Radio Interescolar xunto con 44 centros máis. O noso programa, chamado Mestizaxe, en conxunto cos centros Arco-Iris de Maputo (Moçambique) e o Colexio Pedro II de Rio de Janeiro (Brasil) emitiuse entre as 17.05 hs. e as 17.40 hs.

Durante a mañán, o instituto seguiu a programación pola radio e por Internet, participando no chat da páxina Web (www.pontenasondas.org).

O noso era un dos programas máis ambiciosos dos 35 que conformaban a programación:

Un programa que unía a 3 de centros dos 3 continentes da ROTA DO ESCRAVO, o tema central desta edición. Ademais desta colaboración triangular, a participación desde Maputo e Rio de Janeiro relizárase a través de videoconferencia.



Unha representación de alumnos-as desprazouse a Salvaterra para facer todos os labores precisos: telefonistas, técnicos de son, locutores e cámaras.

Os telefonistas instalábanse na Sala correspondente para recoller as chamadas para responder á pregunta “ *Que farías ti para rematar coa escravitude ?* ”

O ambiente no estudio era impresionante e os nervios disparábanse. Comenzou a viaxe musical por África e América da man de artistas como Cesaria Évora, Caetano Veloso, Dulce Pontes ou Mercedes Peón.

A pregunta sobre a cidade natal de Caetano Veloso era respondida a través do chat desde Portugal, despois de dous intentos fallidos no teléfono. Mentres tanto, os nosos colegas de Maputo e Rio de Janeiro facíanse esperar. Cando xa estaba avanzado o programa, perdíase a conexión entre Maputo e Washington e non chegaba a Salvaterra. Había que improvisar e continuar. Esperábamos que polo menos poidesemos conversar cos colegas de Rio. Pero o tempo corría e chegabamos ao remate do noso programa e tamén deixabamos de ver aos alumnos do Colexio Pedro II de Rio de Janeiro.

Tivemos que despedir o noso programa e dar paso ao seguinte. Mais, xa co seguinte programa empezado, restablecíase a videoconferencia con Rio de Janeiro e por fin, podíamos ver e falar cos alumnos/as do Colexio Pedro II.

As cámaras recolleron este momento emocionante no que a través de **Ponte...nas ondas!** chegamos ao Brasil.

E o venres 11 participabamos xunto con alumnos-as do CEIP Souto Donas e do CEIP de Vila-meán (Nigrán) nun programa de ONDA 0-Val Miñor sobre a experiencia.

E xa temos case a punto o que vai ser **Radio Turonio...**; ¡Atentos!

ACTIVIDADES LETRAS GALEGAS

Exposición arqueolóxica-Exposición fotográfica-Documental-Proxección do filme Sempre Xonxa-Actuación do grupo musical do 2º ciclo-Especial Superturonio

Venres 18 de maio
Auditorio GONDOMAR

	1º ciclo	2º ciclo
9:30 hs. a 12:00 hs.	-9:30 a 9:45.Desprazamento ata o auditorio municipal. -9:45 a 11:45. Proxección do filme SEMPRE XONXA -11:30 a 11:45. Actuación do grupo musical do 2º ciclo do IES Terra de Turonio. 11:45 a 12:00. Regreso ao Instituto.	-Horario normal de clases.
12:00 hs. a 12:30 hs.	Recreo	Recreo
12:30 hs. a 15:00 hs.	-Horario normal de clases	-12:30 a 12:45.Desprazamento ata o auditorio municipal. -12:45 a 14:30. Proxección do filme SEMPRE XONXA -14:30 a 14:45. Actuación do grupo musical do 2º ciclo do IES Terra de Turonio. 14:45 a 15:00. Regreso ao Instituto.

OUTRAS ACTIVIDADES DO INSTITUTO

- Visita a Porto
- Intercambio Val Miñor-Chateaubourg (Bretaña)
- Excursión arqueolóxica ao Castro de Troña, San Colmado e Vincios.
- Visita a Citroën
- Excursión de sendeirismo á intermareal

¡NORABOA! Para os dous gañadores da pregunta que faciamos no número anterior de SUPERTURONIO sobre varios lugares das parroquias de Gondomar. Eles son:
Julio César García Carrera de 3º ESO-C e Brais Misa García de 1º ESO-C.
Recibirán un agasallo do ENL.

"Un maior uso do galego no ensino sen dúbida ha de contribuir a que os nosos rapaces e rapazas dominen mellor o galego, e iso facilitará tamén a aprendizaxe doutras linguas, o que supón que terán unha formación de maior calidade."



ANO 2001: **ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (1864 - 1949)**

NACEU EN SAN CLOPIO, CONCELLO DE LEIRO, PROVINCIA DE OURENSE. MOI NOVO MARCHOU A A CORUÑA ONDE TRABALLOU COMO FUNCIONARIO MUNICIPAL E REALIZOU UN IMPORTANTE LABOR DE XORNALISTA, COLABORANDO EN PUBLICACIÓNS COMO "REVISTA GALEGA" E "GALICIA", E DIRIXINDO OS XORNAIS "LA MAÑANA" E "EL NOROESTE"

FOI POETA PREMIADO NOS MÁIS PRESTIXIOSOS CERTAMES DO PAÍS E RECOLLEU A SÚA OBRA NOS LIBROS:

A MÁIS NOTABLE APORTACIÓN DE ELADIO É O "DICCIONARIO ENCICLOPÉDICO GALEGO-CASTELLANO" NO QUE TRABALLOU TODA A VIDA SEN CHEGAR A VELO PUBLICADO, XA QUE FOI EDITADO EN TRES VOLUMES POR GALAXIA, CO PATROCINIO DA CASA DE GALICIA DE CARACAS, A PARTIR DE 1958.

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ FOI UN DOS 40 MEMBROS FUNDADORES DA ACADEMIA GALEGA, DA QUE FOI PRESIDENTE DESDE 1926 A 1934.



E se queredes gañar **unha camiseta e unha gorra** de PONTE...NAS ONDAS! recorta este cupón e introdúceo na CAIXA DE SUPERTURONIO antes do 1 de xuño coas respostas sobre o filme SEMPRE XONXA.

RESPONDE:

1. Despois que Xonxa matara a raposa, os rapaces lévana pendurada dun pau e atopan a "Caladiño" que estaba lidando cunha bola colgada dunha corda ben longa.
¿ Como se chama ese péndulo ? ¿ Que se demostra con el ?
.....
.....
2. Cando Pancho embarca para as Américas, faino dende unha estación marítima dunha cidade galega. ¿ Sabes desde que cidade foi ?
.....
.....
3. No filme móstranse algúns xogos populares. ¿ Poderías dicirnos dous ?
.....
.....
4. ¿ Que animal viaxa con Caladiño no seu primeiro intento de voar ?
.....
.....
5. Nomea tres labouras do campo que aparecen no filme realizadas a man e que agora xa fan normalmente as máquinas.
.....
.....

NOME: _____ CURSO: _____